

# PROPOSTAS PARA TRATAR A SAÚDE MENTAL DESDE O MUNDO DO TRABALLO

28 ABRIL DE 2024  
DÍA MUNDIAL DA  
SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO

UGT, en 2023 realizou un informe sobre saúde mental e traballo onde facilita datos, análises e esixencias para garantir o adecuado tratamento da saúde mental no traballo. Nese sentido, sumámonos a demandar as seguintes propostas:

- Actualizar a Lei de Prevención de Riscos Laborais para adaptala ás novas realidades do traballo, introducindo as avaliacións e as medidas preventiva relacionadas coa saúde mental e os riscos específicos da dixitalización na empresa.
- Elaboración dunha normativa diferenciada sobre a xestión dos riscos psicosociais de orixe laboral, para o noso país.
- Actualización da listaxe de enfermidades profesionais español, para que sexan incluídas as patoloxías derivadas da saúde mental e as enfermidades mentais vinculadas ao traballo.
- Articular un Plan de Choque contra a Sinistralidade Laboral de forma urxente, a través da apertura dunha Mesa de Diálogo Social. Entre as liñas deste Plan de Choque non pode faltar a redución da incidencia dos riscos psicosociais entre a poboación traballadora.
- Incrementar os investimentos en saúde mental, tanto as empresas como as administracións.
- Dotar de perspectiva de xénero á prevención de riscos laborais.
- Reforzar a Inspección de Traballo, con medios humanos e materiais, para que vixíe o cumprimento da Lei. Instamos a cumprir coa recomendación da OIT de dispoñer dun Inspector/a por cada 10.000 persoas traballadoras.
- Promover a aprobación dunha nova normativa de Mutuas que vele, realmente, polos intereses da saúde de todos os traballadores e traballadoras e a erradicación das malas prácticas realizadas por algunhas mutuas na xestión das continxencias profesionais.
- Mellora da calidade do servizo das Mutuas ás persoas accidentadas ou afectadas por enfermidades profesionais e relacionadas co traballo, contando cos medios necesarios, incrementando os cadros de persoal de psicólogos e psiquiatras, para atender os danos á saúde mental causados polo traballo.
- Creación dunha figura a nivel estatal, similar á do Delegado/a Territorial de Prevención de Riscos Laborais, existente nalgunhas CCAA.

- Negociar protocolos contra o estrés laboral, a violencia no traballo e o acoso laboral nas empresas e AAPP.
- Garantir a reparación do dano á saúde mental, así como evitar que volva suceder, actuando desde unha perspectiva preventiva.
- Formar e dotar de ferramentas ás persoas traballadoras para que poidan identificar e saber actuar ante as distintas situacións que poden afectar á súa saúde mental e que teñen lugar na contorna laboral.
- Formar ás persoas traballadoras para que poidan adaptarse mellor á transición dixital do mundo laboral.
- Promover a xestión preventiva no seo da empresa evitando a externalización masiva.
- Abordar a falta de calidade da xestión preventiva dos servizos de prevención alleos, a través dunha revisión e modificación da Orde.

